



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Traballo de
fin de grao

O relevo xeracional
na agricultura:

experiencias nas
explotacións.

Caso práctico

Berta Rial Ameijeiras

Xuño 2016

Resumo

O sector agrario galego tivo que adaptarse a un marco contextual moi cambiante trala entrada de España na UE. Un número elevado de explotacións non logrou adaptarse e acabaron desaparecendo. As que si o conseguiron seguen en funcionamento hoxe en día.

O relevo xeracional é fundamental para calquera sector posto que garante a súa supervivencia. Isto tamén sucede na agricultura e quixen comprobalo a través das explotacións agrarias da zona de Santa Comba. Realizando entrevistas e entregando cuestionarios puiden comprobar que si houbo relevo fai uns anos, cando o negocio pasou dos nosos avós aos nosos pais. Non obstante, os fillos non o van a continuar co negocio trala xubilación dos seus pais. En resumo, vai a significar que moitas, pequenas e grandes, explotacións acabarán pechando.

Neste traballo tamén se expoñen posibles factores que poden condicionar e o relevo xeracional, coma o minifundio ou o envellecemento da poboación; e os factores que influirían positivamente sobre el. Sen embargo, queda moito por facer.

Palabras clave: relevo xeracional, agricultura, explotacións agrarias, Santa Comba.

Este traballo cumpre coa normativa do TFG ao contar con 7.957 palabras.

Índice

Resumo	2
Índice.....	3
Índice de abreviaturas	5
Índice de táboas	6
Índice de gráficos.....	6
Índice de figuras	7
Introdución.....	8
1 Marco contextual.....	9
1.1 Principais datos do sector	10
1.1.1 Número de explotacións e superficie.	11
1.1.2 Produción, renda agraria e renda por ocupado.	12
1.1.3 Man de obra	13
Planificación	15
Desenvolvemento do traballo.....	17
2 Experiencias dos gandeiros	17
3 Problemas que dificultan o relevo xeracional.	20
3.1 Crise actual do sector lácteo	21
3.2 A industria e a distribución	23
3.3 Falta de viabilidade e rendibilidade das explotacións	24
3.4 O minifundio.....	24
3.5 O factor demográfico	25

3.5.1	O envellecemento da poboación.....	25
3.5.2	O éxodo rural.....	25
3.5.3	O papel da emigración e das pensións.....	25
3.5.4	O papel das mulleres.....	26
4	Aspectos que facilitarían o relevo xeracional.....	26
4.1	Asociación entre gandeiros.....	26
4.2	Papel activo do goberno e das administracións públicas.....	27
4.3	Industrias propias e potentes.....	27
5	Comparación con outro concello.....	28
	Conclusiones e ampliación.....	32
	Bibliografía.....	33

Índice de abreviaturas

CMRM	Consellería do Medio Rural e Mar
IGE	Instituto Galego de Estatística
INE	Instituto Nacional de Estadística
INLAC	Organización Interprofesional Láctea
MAGRAMA	Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente
PAC	Política Agrícola Común
SAT	Sociedad Agraria de Transformación
SAU	Superficie Agraria Útil
SC	Sociedad Colectiva
UE	Unión Europea
UTA	Unidades de Trabajo ao Ano

Índice de táboas

Táboa 1. Evolución de número, superficie total e superficie agraria utilizada (SAU) das explotacións por estratos de tamaño en Galicia (datos de superficie en hectáreas). Período 1982-2013.	11
Táboa 2. Evolución da SAU media por explotación en Galicia. Período 1982-2013....	12
Táboa 3. Evolución do volume de man de obra nas explotacións agrarias en Galicia. Período 1999-2013.....	13

Índice de gráficos

Gráfico 1. Evolución en termos reais da produción, da renda e da renda por ocupado no sector agrario galego (índices: base 1990 = 100). Período 1990-2012	13
Gráfico 2. Evolución dos prezos do leite ao produtor en Galicia, en España e na UE-15 2010-2015 (céntimos de euro/litro para Galicia e España; céntimos/kg para a UE)..	21
Gráfico 3. Evolución das entregas de leite (en toneladas) e prezo do leite (euros/ 100 litros) en Galicia. 2010-2016.....	22

Índice de figuras

Imaxe 1. Procesos de concentración parcelaria no concello de Santa Comba.	28
Imaxe 2. Procesos de concentración parcelaria no concello de Mazaricos.	29

Introdución

A pesar da súa perda de peso na economía, o sector agrario galego segue a ser fundamental para algunhas zonas de Galicia. O presente traballo ten por obxectivo tratar de analizar se, nos últimos anos, se produciu relevo xeracional nas explotacións. Para iso, e dada a pouca bibliografía sobre o tema, empregarei cuestionarios e realizarei algunhas entrevistas con un número representativo de gandeiros de Santa Comba. As razóns polas que elixo este concello son dúas: pola importancia deste sector no concello e por proximidade, xa que teño unha maior facilidade para acceder a información e aos agricultores.

Para contrastar esta información empregarei os datos que ofrecen as seguintes fontes: Instituto Galego de Estatística (IGE), Instituto Nacional de Estadística (INE), Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (MAGRAMA), Consellería do Medio Rural e Mar (CMRM) e os informes dos anos 2011 e 2014 da revista *A economía galega*.

A estrutura do traballo consta de varios apartados: un marco contextual, incluído na propia introdución, no cal se explica brevemente a evolución do sector desde mediados do século XX e se amosan os principais datos dispoñibles. As experiencias dos propios gandeiros, os aspectos que poden dificultar e facilitar o relevo xeracional e unha pequena comparación co concello máis próximo aparecen detallados no desenvolvemento do traballo.

1 Marco contextual

O sector agrario galego evolucionou de forma considerable desde mediados do século XX. Tal e como afirman (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000) o principal aspecto a ter en conta foi a diminución do seu peso na economía. O proceso de desagrarización acompañouse dun forte descenso do emprego agrario e de grandes transformacións no sector, entre as cales se poden destacar:

- Unha maior integración mercantil das explotacións. Aumentou o output comercializado e a produción destínouse ao mercado coa venda ás industrias transformadoras.
- Deuse unha especialización bovina e de leite. Co fin de aumentar a produción, as explotacións empezaron a controlar máis a xenética dos animais.
- Produciuse unha maior vinculación coas industrias transformadoras e coas subministradoras de inputs.
- Substituíuse traballo por capital. Descendeu a man de obra e aumentou o investimento para renovar o stock de capital.
- Houbo unha gran mecanización do sector. Introduciuse nova maquinaria, melloráronse as instalacións e os sistemas de muxido e compráronse máis animais.

Porén , tamén houbo limitacións importantes coma as seguintes:

- O predominio das pequenas explotacións agrarias como base fundamental do sistema.
- O envellecemento da poboación agraria, motivado pola marcha da poboación en idade de traballar ás cidades.
- O minifundio, presente aínda en boa parte do territorio galego e co cal o proceso de concentración parcelaria aínda non logrou acabar.
- A falta dunha industria propia que abasteza a demanda de insumos agrarios, para evitar ter que importalos do exterior.
- A debilidade da agroindustria galega. Mentres que o output era exportado en bruto para a súa elaboración noutras zonas, as industrias galegas especializáronse nos derivados máis simples e de menor valor.

Coa adhesión de España á Comunidade Europea, en 1986, introducíronse grandes cambios no marco de funcionamento do sector. Así pois, o sector pecuario galego pasou de abastecer o mercado nacional a ter que competir mundialmente, adaptarse ás normas comunitarias (a Política Agraria Común) e a depender de diversos niveis de decisión no plano institucional.

Á súa vez, os produtos nos que se especializaron as explotacións agrícolas-gandeiras galegas (leite, carne e gando bovino e avícola) eran excedentarios no ámbito comunitario e, polo tanto, tiveron que reducir a súa participación. Isto provocou o peche dun elevado número de pequenas explotacións e obrigou ás restantes a realizar melloras para adaptarse ao novo contexto e poder intervir no mercado.

En canto á superficie, a concentración parcelaria supuxo un grande avance para os agricultores ao reducir a gran fragmentación das terras e facilitar o acceso da nova maquinaria. Non obstante, aínda non está aplicada en todo o territorio.

1.1 Principais datos do sector

O acceso a datos resultou unha tarefa dificultosa. Así pois, a información dispoñible nas distintas fontes oficiais (IGE, INE, MAGRAMA e CMRM) non permite elaborar series completas de distintas magnitudes. Á súa vez, a metodoloxía empregada polo distintos organismos non é a mesma, polo que se poden observar diferenzas significativas, para un mesmo ano e unha mesma variable.

A modo de exemplo, no INE só aparece recollida a información dos Censos agrarios dos anos 1982, 1989, 1999 e 2009. Neste último ano prodúcese un cambio de metodoloxía, o cal dificulta realizar comparacións. Estes datos téñense que complementar coas Encuestas sobre la Estructura de las Explotaciones Agrícolas, do ano 2013.

Por outra banda, para ver as tendencias dalgunhas variables, como por exemplo a produción, desde 1990 ata o ano 2000 pódense empregar os datos que publica o MAGRAMA, pero para actualizar a serie desde o ano 2000 ata o ano 2012 habería que utilizar os dispoñibles na CMRM e no IGE.

Por estes motivos, os datos utilizados son os que aparecen no capítulo de Agricultura da revista *A economía galega*, concretamente nos informes dos anos 2011 e 2014. A razón principal é a de que todos estes datos oficiais aparecen homoxeneizados e permiten crear series máis completas.

1.1.1 Número de explotacións e superficie.

Para coñecer mellor o sector cómpre ver cómo evolucionou o número de explotacións e a superficie agraria utilizada (SAU).

Táboa 1. Evolución de número, superficie total e superficie agraria utilizada (SAU) das explotacións por estratos de tamaño en Galicia (datos de superficie en hectáreas). Período 1982-2013.

		SAU / explotación		
		< 10 has	>= 10 has	Total
1982	Núm. de explotacións	226.849	6.511	233.360
	Superficie total	1.126.923	237.822	1.364.745
	SAU	504.363	112.422	616.785
1989	Núm. de explotacións	161.059	9.723	170.782
	Superficie total	914.232	333.119	1.247.351
	SAU	431.162	192.646	623.808
1999	Núm. de explotacións	101.449	16.903	118.352
	Superficie total	628.945	525.125	1.154.070
	SAU	301.067	356.063	657.130
2009	Núm. de explotacións	62.836	18.338	81.174
	Superficie total	325.672	589.181	914.853
	SAU	170.341	477.257	647.598
2013	Núm. de explotacións	59.707	18.670	78.377
	Superficie total	326.655	591.628	918.284
	SAU	167.439	488.081	655.519

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de López Iglesias, E. (2011). Agricultura. *A economía galega*, 86 e López Iglesias, E. (2014). Agricultura. *A economía galega*, 74

O número de explotacións foise reducindo ao longo do período considerado, ao pasar de 233.360 no ano 1982 a só 78.377 no ano 2013. A tendencia que se observa é clara:

peche e desaparición de pequenas explotacións xunto cun reforzamento e ampliación das de maior tamaño.

En canto á superficie atopámonos con que, ata o ano 2009, diminúe tanto a superficie total como a SAU nas explotacións con menos de 10 hectáreas e aumenta nas explotacións de maior estrato.

Isto quere dicir que se produce unha reestruturación, tanto das explotacións coma da superficie, posto que as explotacións que conseguen sobrevivir tratan de aumentar o seu tamaño e a súa SAU.

Táboa 2. Evolución da SAU media por explotación en Galicia. Período 1982-2013.

	1982	1989	1999	2009	2013
SAU/explotación (hectáreas)	2,64	3,65	5,55	7,98	8,36


Fonte: López Iglesias, E. (2014). Agricultura. *A economía galega*, 75

Como se pode ver, a SAU media por explotación pasou de 2,64 ha en 1982 a ser de 8,36 ha en 2013. Non obstante, este dato segue a ser moi inferior ao de España e ao da Unión Europea.

1.1.2 Producción, renda agraria e renda por ocupado.

Estas tres magnitudes son fundamentais para mostrar a realidade deste sector.

Gráfico 1. Evolución en termos reais da produción, da renda e da renda por ocupado no sector agrario galego (índices: base 1990 = 100). Período 1990-2012



Fonte: López Iglesias, E. (2014). Agricultura. *A economía galega*, 81

Como se pode ver, a produción aumentou de xeito moderado no período analizado. Non sucede o mesmo coa renda agraria, a cal diminúe polo aumento dos consumos intermedios e das amortizacións do capital fixo, ademais de polo comportamento desfavorable dos prezos. E en canto á renda por ocupado vemos un incremento moi significativo, non pola mellora da renda senón por un factor completamente demográfico: a forte caída da poboación ocupada neste sector.

1.1.3 Man de obra

Táboa 3. Evolución do volume de man de obra nas explotacións agrarias en Galicia. Período 1999-2013

SAU/Explotación	Número de unidades de traballo ao ano (UTA)			Taxas de variación acumulativa anual (en %)	
	1999	2009	2013	1999-2009	2009-2013
< 20 has	135.004	72.426	61.515	-6,0	-4,0
>= 20 has	9.700	15.007	15.386	4,5	0,6
Total	144.704	87.433	76.899	-4,9	-3,2

Fonte: López Iglesias, E. (2014). Agricultura. *A economía galega*, 76

Desta táboa pódese extraer que se moderou un pouco a caída da man de obra, pasando de -4,9% no período 1999-2009 a un -3,2% no período 2009-2013, polo comportamento que presenta o sector na actual situación de crise. Ademais, o descenso prodúcese exclusivamente nas explotacións con menos de 20 ha de SAU, mentres que nas de maior tamaño o dato aumenta.

Por outra banda, tamén habería que ter en conta os membros da familia que axudan na explotación e non aparecen contabilizados nas estatísticas. A modo de exemplo, os estudantes ou os que teñen traballo noutras actividades. Moitos deles, non están pola semana pero na fin de semana si colaboran no negocio familiar.

Planificación

A planificación do traballo plásmase no seguinte calendario. Nel aparecen recollidos as datas clave nas que obtiven a información e a das titorías. Tamén se sinalan as distintas fases nas que dividín este traballo, entre elas: busca de información, análise dos datos ou redacción do traballo.

Nos meses de decembro e xaneiro tiveron exames.

		MAIO	
11	Primeira reunión co titor para propoñerlle o tema. Realizamos o primeiro enfoque		
		SETEMBRO	
23	Sesión presentación TFG		
		OUTUBRO	
16	Entrega solicitude para escoller os traballos		2015
		NOVEMBRO	
9	Publicación da lista provisional dos TFG		
26	Publican a lista definitiva dos TFG, nela asígnanme un traballo que non pedira		
30	Falo coa coordinadora dos TFG e co responsable da Unidade de Apoio á Xestión		
		DECEMBRO	
4	Sae a corrección de erros e asígnanme o meu traballo		
		XANEIRO	
25	Primeira reunión co titor trala asignación do tema. Mantemos o enfoque inicial		
		FEBREIRO	
1 ao 29	Busca de información e datos sobre o tema e lectura da bibliografía		
		MARZO	
1 ao 17	Fago o primeiro esquema do traballo, o índice e elaboro os cuestionarios		2016
10	Reunión co titor para resolver dúbidas		
18 ao 31	Selección da mostra de gandeiros e busca de novos datos dispoñibles		
		ABRIL	
7	Entrega dos sete primeiros cuestionarios e primeira entrevista		

11	Asisto ao obradoiro de elaboración do TFG en galego
12	Asisto ao obradoiro de elaboración do TFG en galego
13	Asisto ao obradoiro de elaboración do TFG en galego
16	Entrevista a un gandeiro
17	Entrego mais cuestionarios e recollo os do día 7
18	Asisto ao obradoiro de elaboración do TFG en galego
19	Titoría con Barreiro para solucionar os problemas atopados cos datos
19	Asisto ao obradoiro de elaboración do TFG en galego
21	Consulta a Edelmiro sobre os datos que pode empregar
23	Visita a tres explotacións de Mazaricos para entrevistar aos gandeiros
24	Recollida dos cuestionarios entregados o día 17 e realizo varias entrevistas
29	Edelmiro pásame os datos dos que dispón
20	Asisto ao obradoiro de elaboración do TFG en galego
21	Asisto ao obradoiro de elaboración do TFG en galego
25	Asisto ao obradoiro de elaboración do TFG en galego
MAIO	
1 ao 15	Transcribo a información dos cuestionarios e analízoa
16 ao 31	Redacto o TFG
XUÑO	
1 ao 3	Acabo de redactar o TFG
2	Reunión co titor para entregarlle o borrador do TFG
3	Entrega do TFG definitivo ao titor
10	Deposito do TFG no Decanato

	Reunións co titor
	Busca e análise de información e datos
	Visitas aos gandeiros
	Redacción do TFG
	Obradoiro de TFG en galego

Desenvolvemento do traballo

As dificultades, tanto bibliográficas coma de datos, foron determinantes para que este traballo sexa práctico e estea baseado nas experiencias dos agricultores da capital xalleira.

Na miña zona, as explotacións están especializadas en leite ou carne, tenden a ser de tipo familiar e un dos feitos que se pode observar é que foron herdadas. Por este motivo, elixín unha mostra de 20 gandeiros para comprobar se nas súas explotacións houbo e vai haber relevo xeracional.

Para iso, cada familia tiña que responder ás preguntas do cuestionario relativas á 1º, 2º e 3º xeración, considerándoas como a dos avós, a dos pais e a dos fillos, respectivamente. Os resultados obtidos aparecen recollidos no seguinte apartado.

2 Experiencias dos gandeiros

Resultados da 1º xeración.

Os avós e avoas de cada familia contáronme que a agricultura de antes, á parte de intensiva en man de obra, era bastante sacrificada, porque había que realizar case todo a man ou con máquinas de madeira impulsadas por dúas vacas.

Na maioría dos casos, elixiron esta profesión porque na casa xa tiñan a explotación e decidiron continuar con ela ou porque como só sabían ler e escribir, non abundaban outras oportunidades. Só tres persoas querían dedicarse a isto porque lles gustaba.

Entre as actividades que realizaban a diario estaban as de muxir, estrar as cortes e levar as vacas pastar ao monte, xa que non había praderías. Tamén traballaban o monte e as leiras para poder pagar a renda das terras que non eran deles. Para isto, primeiro rozaban coa fouce, cavaban co legón e queimábano para botarlle trigo ou centeo. Así, cun ferrado de trigo, recollido de xeito manual, podían pagar ou ben un ferrado de labradío ou ben dous ferrados de herbal.

Nalgúns casos, os avós tiñan que traballar como xornaleiros para gañar algúns cartos mentres que as avoas tiñan que coidar da casa e dos nenos e maiores.

Tamén sinalan as dificultades coas que se atoparon. Á falta de maquinaria e innovacións técnicas hai que sumarlle a falta de medios económicos e de financiamento para aplicar melloras, o minifundio e a falta de empresas ás que venderlle o produto.

Ben é certo que os entrevistados de todas as familias coinciden en que o número de vacas por explotación era moi reducido nun principio, a media de todos os enquisados é de 7 vacas, e foi aumentando co paso do tempo.

Aínda así, a maioría deles vendían leite. Porén, moitos non se lembran a quen exactamente. Os que se acordan non coinciden na resposta: uns din que ao principio o vendían en caldeiros a unha casa ou a particulares de Santa Comba; outros que llelo compraban empresas como Celta e Larsa e ao resto recollíallo a Cooperativa Xallas. A avoa dunha familia lembraba que o levaban á mina de Varilongo antes de que empezara a comprarllo a Cooperativa.

En canto aos prezos de venta, a maioría non o sabe. Os máis atrevidos din que en torno a 32 ou 40 pesetas. No que si coinciden é en que “estaba moito mellor pagado que agora”.

En canto ás melloras introducidas, explican que os novos cultivos e a maquinaria os ían introducindo lentamente e “segundo as súas posibilidades económicas”. Neste aspecto os cartos gañados na emigración foron fundamentais para algunhas familias, xa que permitiron a compra de terras e de nova maquinaria. A modo de exemplo, puideron mercar arados de ferro para substituír aos de pau. Con isto, puideron ir modernizando as súas explotacións.

A aparición da luz, da electricidade e da “auga da traída” tamén xogaron un papel importante, xa que favoreceron á mellora das condicións dos animais e das propias persoas.

Por último quixen coñecer o motivo polo que deixaran as súas explotacións e, salvo un caso de enfermidade, todos o fixeron por xubilación e para traspasarllo á seguinte xeración.

Resultados da 2ª xeración.

A segunda xeración é a que actualmente continúa coa explotación e coa actividade. O seu nivel de estudos xa é maior en comparación co dos seus pais, aínda que a maioría só teñen estudos primarios. Todos colleron o relevo aínda que as motivacións son

distintas: ganas de continuar co negocio, seguir co que había e non tirar co traballo da anterior xeración ou a falta doutras oportunidades son as que predominan. Só un gandeiro sinala o seu gusto pola actividade gandeira e pola natureza.

As actividades que realizan a diario non variaron moito en relación á anterior xeración. Seguen muxindo, alimentando os animais, limpando as cortes e traballando as terras. No que si hai diferenzas é na forma de facelo e a introdución de melloras foi fundamental para iso.

En maior ou en menor medida, todos os agricultores realizaron melloras: ampliaron ou construíron novas instalacións para poder ter máis animais; compraron novas leiras ou transformaron terras de monte en praderas; introduciron novos cultivos (millo forraxeiro, raigrás inglés...); mercaron nova maquinaria (tractores, autocargadores, rotativas...) que fai máis sinxelas as tarefas diarias; modificaron os seus sistemas de muxido, tratando de incorporar as novidades (pasando das muxidoras ao circuíto e nalgúns casos á sala de muxidura) e tamén compraron mais cota láctea para poder vender mais leite.

Na actualidade, 18 agricultores venden leite. As empresas que se encargan de comprarllelo son Celta, Peñasanta e Lactalis e os prezos varían bastante, desde 0,26 ata os 0,33 euros/ litro. Como dato, son moi poucos os gandeiros aos que o prezo do leite lles cubre os custos de produción e moitos menos os que poden vivir do negocio. De feito, os propietarios das pequenas explotacións comentaban que xa non calculaban o custo de produción porque de sabelo non seguirían adiante e pecharían.

Ademais, a necesidade de realizar grandes investimentos para realizar melloras, os elevados custos de mantemento da explotación, o minifundio e a falta de medios económicos e de facilidades de financiamento son as maiores dificultades coas que se atopou este colectivo gandeiro.

Todos eles destacan que a situación actual do sector non é nada favorable e que ten difícil solución. Non cren que as medidas adoptadas polas distintas administracións públicas estean a facer efecto e algúns destacaban que “solo parchean a situación, non a arranxan”. Ademais non se senten apoiados nin polo goberno nin polos políticos e pónenme de exemplo o caso francés, segundo din “alí o goberno si se compromete cos produtores e busca melloras para o sector, algo que non sucede aquí”. Só atopei a dous gandeiros que pensan que a situación vai a mellorar a finais de ano.

Se puidesen elixir, 13 deles non volverían a escoller esta profesión, por distintas razóns: falta de rendibilidade, “por ser un traballo sacrificado, pouco valorado e pouco pagado”, “porque lle hai que dedicar as 24 horas do día e non tes vacacións” ou “porque non sacas nada en limpo, traballas e traballas e non ves nada”, entre outras. Dous deles preferirían continuar estudando e ter unha carreira.

En cambio, cinco gandeiros si a volverían escoller porque é o que lles gusta, porque lles ofrece calidade de vida ou porque non existe a rutina, coidan dos animais e gústalles o campo. O gandeiro restante da mostra tería que pensalo.

Aínda así a maioría non ten pensado pechar a súa explotación. No caso de ter que facelo os motivos serían distintos en función do tamaño das explotacións. Obsérvanse dúas mentalidades diferentes: as grandes faríanlo por falta de rendibilidade; e as pequenas nin contemplan esa posibilidade porque levan toda a vida dedicándose a isto e alegan que xa lles queda “pouco” para xubilarse.

A maioría destes gandeiros tamén son conscientes de que no seu negocio familiar non vai haber relevo xeracional. Só sete en que os seus fillos van a seguir coa actividade.

Resultados da 3ª xeración.

Esta xeración presenta un nivel de estudos máis elevado, a maioría deles teñen ou ciclos formativos ou estudos universitarios. Excepto un entrevistado que aínda é demasiado pequeno para decidir e non tiña claro a que se quería dedicar de maior, inicialmente 10 deles non seguirían co negocio familiar. As razóns son claras: non é o que lles gusta, é un traballo bastante sacrificado e non está ben valorado; ou porque claramente non se corresponde co que estudaron e só o elixirían como último recurso.

O contraste ofréceno os outros nove “futuros gandeiros” que si escollerían a profesión polos seguintes motivos: por continuar co negocio familiar, porque lles gusta a natureza e os animais, porque o ven como a mellor opción como saída profesional ou ben por falta de traballo relacionado cos seus estudos.

De feito, atopeime tres casos nos que a 3ª xeración xa colleu o relevo da explotación. En dous deles, fano a través dunha sociedade cos seus pais, mentres que no outro continúan coa forma tradicional: un único propietario da explotación.

Tamén me atopei un caso no que os fillos están incluídos na sociedade pero aínda non tomaron o relevo.

A grandes trazos, ven a situación actual moi difícil e con futuro incerto. Creen que a solución pasa por: acadar un bo acordo entre produtores, industria e distribución que suba o prezo do leite en orixe; reducir as importacións de leite; darlle máis valor aos bricks para aumentar a demanda; e por que os políticos apoiem máis aos gandeiros.


3 Problemas que dificultan o relevo xeracional.

Á hora de decidir se continuar ou non co negocio familiar entran en xogo diversos factores. Por iso, tendo en conta as opinións dos gandeiros e gandeiras e a miña propia, considero conveniente destacar os seguintes.

3.1 Crise actual do sector lácteo

Sen dúbida está a ser un aspecto clave se temos en conta que a maioría das explotacións están especializadas no leite. No seguinte gráfico pódese observar o comportamento que tiveron os prezos do leite para Galicia, España e a Unión Europea desde o ano 2010 ata o 2015:

Gráfico 2. Evolución dos prezos do leite ao produtor en Galicia, en España e na UE-15 2010-2015 (céntimos de euro/litro para Galicia e España; céntimos/kg para a UE)




Fonte: López Iglesias, E. (2014). Agricultura. *A economía galega*, 70

Vemos que presenta moitas oscilacións ao longo do período e que o prezo que perciben os produtores galegos polo seu leite é inferior ao de España e ao da Unión Europea. Algo difíil de entender se se ten en conta que Galicia é a comunidade autónoma española que máis leite produce.

O forte aumento do prezo, de xullo do 2013 a abril do 2014, foi causado polo aumento do consumo e as cotizacións á alza da manteiga e do leite en po nos mercados internacionais. Non obstante, a partir de aí sofre un considerable descenso ao incrementarse a produción e polo descenso das cotizacións deses mesmos produtos. A isto débese sumar o veto ruso ás exportacións da UE.

Tamén observamos que os aumentos de prezo se dan cando as entregas de leite (Gráfico 3) son menores, cando entra en xogo a lei da oferta e da demanda.

Gráfico 3. Evolución das entregas de leite (en toneladas) e prezo do leite (euros/100 litros) en Galicia. 2010-2016.



Fonte: Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia.¹

Estas tendencias teñen a súa explicación na progresiva liberalización na que se viu inmersa o sector, a cal o fai máis dependente dos mercados internacionais. Para iso fóronse aplicando reformas graduais na PAC desde o ano 2003, as cales remataron coa desaparición das cotas lácteas na campaña 2014-2015. Esta medida xusto se levou a cabo nun momento pouco propicio do mercado, de aí que os gandeiros estean descontentos e haxa tantos conflitos.

¹ Gráfico dispoñible en:

http://mediorural.xunta.gal/es/areas/ganaderia/sector_lacteo/observatorio_del_sector_lacteo/prezos_e_entregas_de_leite/

3.2 A industria e a distribución

Sen dúbida, son moi importantes neste sector. Tanto, que moitos gandeiros destacan que a industria e a distribución teñen máis peso que os propios produtores.

O sistema de cotas limitaba a cantidade de leite que cada gandeiro podía producir. Non obstante, dáballes a opción de ampliar a súa produción comprando ou alugando máis cota aos que deixaban a actividade. Por outro lado, tamén tiñan certa capacidade para negociar o prezo coa industria e se a oferta dunha empresa non os convencía podían tratar de buscar outra que lles ofrecese máis.

Non obstante a situación cambiou bastante coa crise. No ano 2012 aprobouse o “paquete lácteo”, que consiste nun conxunto de medidas comunitarias e nacionais para mellorar a transparencia do sector e o equilibrio e a estabilidade da cadea.

En España regúlase polo Real decreto 1363/2012 e instruméntase a través dos contratos, as organizacións de produtores e as organizacións interprofesionais. Esta norma determinaba que os contratos debían ser obrigatorios e ter unha duración mínima dun ano; establecía as condicións nas que as organizacións de produtores poden negociar os contratos e; ampliaba as funcións e a capacidade de actuación da Organización Interprofesional Láctea (INLAC).

Posteriormente, produciuse unha modificación no Rd 1363/2012 para corrixir erros, e é o Real Decreto 125/2015, de 27 de febreiro o que recolle os cambios. Entre eles destacan que antes de asinar un contrato, o comprador debe entregar, obrigatoriamente e por escrito, unha oferta ao produtor dous meses antes de iniciar as entregas de leite ou dous meses antes de que remate o seu contrato vixente, se entre eles xa houbo relación contractual previa; como deben ser os parámetros de referencia cando o prezo é de tipo variable (obxectivos, non manipulables e provir de fontes públicas); así como a marxe máxima de tolerancia (+/- 10%) na cantidade de leite entregada.

Ben é certo que a adaptación por parte do sector pecuario a este marco está a ser difícil, ao aplicarse nun momento moi pouco favorable para eles trala desaparición das cotas e en plena crise.

Na realidade, as organizacións de produtores denuncian que a industria trata de aproveitarse da situación actual co fin de ter subministro a prezos baixos, e para iso fixan de xeito unilateral o prezo de compra do leite mailas condicións dos contratos e presionan aos gandeiros para que asinen, coa ameaza de non recollerlle máis o leite.

Á súa vez, a industria afirma que lle é case imposible asegurar un prezo bo e estable para os gandeiros cando as súas relacións coas cadeas de distribución non llelo

permiten. Isto pon de manifesto que a distribución se consolidou como a dominante na cadea.

Por outra banda, a industria galega, non se centrou en crear valor engadido e transformar os produtos. O leite que recolle directamente, envásao e comercialízao, en gran parte, baixo marcas de distribución. Isto amosa a gran debilidade que presenta, xa que tendo unha moi boa materia prima non a aproveita. Ademais se a comparamos coas doutros países europeos, como Holanda, Dinamarca, Alemaña ou Francia, a súa dimensión é pequena posto que contan cun número reducido de asalariados e, non abarcan moita cota de mercado. A modo de exemplo, en Dinamarca a primeira marca ten o 75% de toda a cota. En Galicia está moi repartida entre as industrias de aquí e as de fóra.

3.3 Falta de viabilidade e rendibilidade das explotacións

Os constantes cambios aos que se tivo que adaptar este sector e, en maior medida, a situación actual fixo que moitas das explotacións non sexan rendibles.

Os custos de mantemento do negocio son, para moitos deles, elevados. Mentres que o prezo do leite segue unha tendencia á baixa, os prezos de algunhas materias primas, como os pensos ou os fertilizantes, aumentan. Isto xéralle problemas aos gandeiros, xa que teñen que seguir producindo igual mentres ven que o seu traballo non lles da para vivir e lle reporta perdas.

Noutros casos, continúan pagando os préstamos que solicitaron para comprar nova maquinaria ou ampliar as súas instalacións e isto coloca a algúns deles en situacións bastante comprometidas.

Ademais moitos dos gandeiros non se consideran empresarios, eles só producen para vivir e para vender, e isto non debería ser así.

De feito, esta actividade pasou de ser a principal a ter un papel máis secundario nalgunhas familias. Antes daba para ocupar e manter a toda a familia e tal e como está agora, nun número amplo de casos, teñen que arrimarlle os salarios doutras actividades para poder cubrir os custos.

3.4 O minifundio.

Un factor que dificulta moito esta actividade é a elevada fragmentación das terras. Se non hai concentración parcelaria nunha determinada zona hai un enorme atraso polas seguintes razóns:

En vez de ter poucas leiras de gran tamaño, as explotacións poden chegar a ter un gran número de terras moi pequenas e afastadas unhas das outras.

Un impedimento para poder utilizar a maquinaria, sobre todo nas leiras que non chegan nin a un ferrado (528 metros cadrados). Isto dificulta o poder traballalas e explica que moitas delas acaben abandonadas.

Maiores custos económicos e de tempo. Para realizar unha tarefa acabas gastando máis en combustible e, tardas máis do dobre de tempo ao non poder usar toda a maquinaria. Sen contar que realizas un esforzo maior.

Fai máis difícil o relevo xeracional. Coas entrevistas puiden comprobalo. Nas zonas onde hai concentración parcelaria ou permutas entre os veciños o relevo está garantido. Non sucede o mesmo nas que non a hai, alí xa case non contemplan a posibilidade de continuar co negocio.

Condiciona ás explotacións á hora de realizar melloras. De pouco serve que traten de modernizarse se co minifundio van a estar na mesma situación. Para aumentar a produción, teñen que aumentar o número de animais e, en consecuencia, o número de terras para alimentalos.

3.5 O factor demográfico

3.5.1 O envellecemento da poboación.

Nesta actividade, un amplo número de ocupados ou titulares están concentrados nas dúas franxas de maior idade: de 45 a 54 anos ou de 55 anos e máis. Isto da lugar a dúas posibles solucións: que haxa relevo xeracional ou que peche a explotación. E nun abundante número de ganderías de Santa Comba, todo parece indicar que vai a ser a segunda opción a que ocorra.

3.5.2 O éxodo rural.

A xente nova do rural galego marcha ás cidades na busca de mellores oportunidades. Non contemplan o campo como unha actividade rendible á que dedicarse, e isto é un problema, posto que son o futuro e os que poderían cambiar algo a situación.

Outro aspecto negativo que isto xera é o despoboamento, en maior medida, nas zonas do interior. Abandónanse tanto aldeas coma terras.

3.5.3 O papel da emigración e das pensións.

En Galicia non foron poucas as persoas que emigraron a outros países cando a situación aquí non era boa. Sen ir máis lonxe, na mostra de gandeiros que elixín, hai varios casos. Todos eles eran homes e Suíza, Alemania e Francia foron os principais destinos que escolleron. Eles ían gañarse a vida a estes lugares e o diñeiro que

conseguían enviábalos para España. Isto permitiulle as explotacións poder introducir melloras, comprar máis terras e, en definitiva, modernizarse.

Sen embargo, tamén me atopei con un caso singular. Un destes homes emigrou con outro fin: coñecer cómo se desenvolvía a actividade agraria nas explotacións doutros países para incorporar novas melloras na súa explotación. Na miña opinión, algo que deberían de facer todos os gandeiros.

Por outro lado, no sector pecuario galego, está a cobrar relevancia o papel dos pensionistas. De feito, sen a súa axuda, moitas explotacións non seguirían en funcionamento xa que sen a axuda deste “soldo complementario” pecharían porque na maioría dos casos os gastos superan aos beneficios .

3.5.4 O papel das mulleres.

Moitas delas son as titulares da explotación e levan a cabo todo o traballo da actividade, desde atender aos animais ata traballar as terras. Noutros casos non son as propietarias pero axudan na actividade.

Tamén foron fundamentais nos casos de emigración, posto que eran elas as encargadas de continuar coa explotación mentres eles estaban fóra.

4 Aspectos que facilitarían o relevo xeracional

4.1 Asociación entre gandeiros

Na miña opinión, este sería un factor clave para garantir a supervivencia desta actividade. O óptimo sería facelo en organizacións de base cooperativa, dado que se o colectivo gandeiro se unise, as ganancias serían maiores que as perdas. E, sen dúbida, lograrían facer moito máis polo sector que continuando como explotacións familiares ou individuais. Sen embargo, creo que isto sería moi difícil de acadar pola mentalidade tan pechada que teñen moitos gandeiros.

De feito, dos gandeiros entrevistados ninguén contempla esta posibilidade. Consideran que asociarse con terceiras persoas pode xerar demasiados problemas, sobre todo se cada quén persegue distintos intereses.

Porén, si se dan casos de sociedades entre distintos membros da familia. Nun deles, o matrimonio formou a sociedade para garantir a igualdade de dereitos entre os dous membros e, para que se vise recoñecido o traballo que realizaba a muller na explotación e así puidese cotizar.

4.2 Papel activo do goberno e das administracións públicas

Ben é certo que as administracións públicas ofrecen distintos tipos de subvencións para levar a cabo esta actividade: tanto para modernizar as explotacións, como para promover o cultivo de determinados produtos ou para fomentar o relevo xeracional.

Non obstante, os problemas non se solucionan só con isto, o goberno debería tratar de buscar solucións reais e de largo prazo para resolvelos.

Ademais, deberían de impulsar a concentración parcelaria en todo o territorio, para poder aproveitar ao máximo o potencial das explotacións galegas e para que as seguintes xeracións poidan continuar co negocio e mellorar a súa calidade de vida.

Tamén terían que apoiar mais o sector, posto que contribúe a frear o despoboamento rural e ao mantemento do medio ambiente. Esta actividade produtiva tamén xera emprego e garante o abastecemento.

4.3 Industrias propias e potentes

Na miña opinión, sería bo apostar por unha industria autóctona forte pero estamos moi lonxe de conseguila. En vez de irse adecuando ao contexto e modernizarse a industria quedalle aínda moito por facer, empezando por gañar dimensión, crear máis valor engadido nos produtos, acadar máis cota de mercado e investir máis en I+D+i. Ademais, debería de ser o principal aliado do gandeiro e, en consecuencia, tratar de mellorar as condicións dos contratos.

Non obstante, non creo que isto sexa factible. Probablemente, a única solución vai a ser que veñan a Galicia industrias de fóra e aproveiten o que nós estamos desaproveitando, lle engadan valor aos nosos produtos e os comercialicen no seu país e no resto do mundo, onde atopen mercados.

Por outra banda, tamén se precisarían industrias relacionadas indirectamente coa actividade pero esenciais ao fin e ao cabo. A modo de exemplo, unha que fabrique e abasteza de materias primas (coma os pensos para os animais) ás explotacións, evitando así importalas.

Outro factor que facilitaría a actividade sería a existencia de parques ou almacéns de maquinaria, nos cáles houbera máquinas de todo tipo que se puidesen alugar, evitando así que os gandeiros teñan que realizar grandes inversións para mercalas.

5 Comparación con outro concello

Quixen comprobar se esta situación se daba tamén noutros lugares ou só era específica de Santa Comba. Por iso, unha parada obrigatoria era o outro concello da comarca do Xallas: Mazaricos.

Mazaricos é un concello máis pequeno que Santa Comba, tanto en superficie coma en número de habitantes. Sen embargo, contaba con 517 explotacións no ano 2014, só 49 menos que a capital xalleira, e cunha media de bovinos/explotación máis elevada.

Aínda que non puideron realizar tantas entrevistas, puideron comprobar de primeira man cómo eran algunhas das explotacións e, a grandes trazos pode dicir que hai bastantes diferenzas, a continuación, destaco as máis relevantes.

A primeira delas é a concentración parcelaria, alí xa non se fala de cántos ferrados ten unha leira senón de hectáreas. Isto facilita moito a actividade, permítelles introducir maquinaria grande e aforrar custos e tempo. Pódese ver a comparativa nas imaxes 1 e 2.

En Mazaricos está rematado o proceso en todas as zonas, excepto nun lugar no que hai acordo, mentres que en Santa Comba atopamos tres sitios nos que está parada e un no que está en proceso.

Imaxe 1. Procesos de concentración parcelaria no concello de Santa Comba.

Datos provisionales de las concentraciones del municipio de Santa Comba

Provincia	Nombre de la zona	Tipo	Última fase aprobada	Superficie (Hectáreas)	Más datos
A Coruña	Alón	Publica	Rematada	1377	Ver
	Arantón - Santa Sabiña	Publica	Bases definitivas	1515	Ver
	Bazar	Publica	Rematada	1362	Ver
	Castriz	Publica	Rematada	1516	Ver
	Cícere - Grixoa - Mallón	Publica	Rematada	992	Ver
	Fontecada	Publica	Rematada	1319	Ver
	Montes de Frieiro, privada	Privada	Rematada	229	Ver
	Montes de Truebe, privada	Privada	Parada	236	Ver
	San Andrés	Publica	Rematada	38	Ver
	San Andrés de Pereira	Publica	Rematada	558	Ver
	San Félix de Freixeiro	Publica	Parada	1691	Ver
	Santa María de Montouto	Publica	Rematada	304	Ver
	Ser	Publica	Rematada	518	Ver
Vilarmaior	Publica	Rematada	493	Ver	

Fonte: Consellería de Medio Rural e Mar. Xunta de Galicia.

Imaxe 2. Procesos de concentración parcelaria no concello de Mazaricos.

Datos provisionales de las concentraciones del municipio de Mazaricos

Provincia	Nombre de la zona	Tipo	Última fase aprobada	Superficie (Hectáreas)	Más datos
A Coruña	Alborés	Publica	Rematada	134	Ver
	Antes	Publica	Rematada	154	Ver
	Antes II	Publica	Rematada	681	Ver
	Beba	Publica	Rematada	326	Ver
	Chacín	Publica	Rematada	218	Ver
	Coiro	Publica	Rematada	404	Ver
	Colúns	Publica	Rematada	253	Ver
	Eirón	Publica	Rematada	733	Ver
	Maroñas, As	Publica	Rematada	1016	Ver
	Mazaricos - Corzón - Baos	Publica	Rematada	606	Ver
	Santiago de Arcos	Publica	Acordo	1922	Ver

Fonte: Consellería de Medio Rural e Mar. Xunta de Galicia.

Outra diferenza salientable é a dimensión das explotacións e as súas instalacións. A máis pequena que visitei tiña 47 vacas e realizaran fai pouco unha ampliación das instalacións. Introduciron camas de area e cambiaron o sistema de muxido, pasando do circuíto á sala de muxidura, a cal lles permite muxir un maior número de vacas á vez e acurtar o tempo que lles leva esta actividade. Na actualidade, véndenlle o leite a Lácteos do Deza pero matizan que a empresa cambia de nome cada pouco tempo e en ocasións non saben quen lles está a comprar o leite. Reciben por cada litro 21 céntimos e teñen un custe de produción de 0,29 euros. De toda a mostra, esta explotación é a que presenta o prezo de compra máis baixo.

As outras dúas explotacións que visitei son de moita maior envergadura: SAT Busto Corzón e Perfecto S.C.

SAT Busto Corzón foi fundada en 2008 por tres mozos e é unha das mais grandes de Mazaricos. Socia de Feiraco, é unha das primeiras granxas, a nivel Europa, que ten a certificación de calidade ISO 22000:2005, a máis elevada en seguridade alimentaria. Teñen 640 vacas, 300 en muxidura, e a súa produción anual supera os 3,5 millóns de quilos de leite. Como me contaba un dos socios, crearon a SAT “para mellorar o noso nivel de vida e porque ao ser todo conxuntamente sae máis económico”. Para poñer en marcha o negocio, solicitaron as axudas que veñen da Xunta e pediron préstamo ao banco, do cal aínda lle quedaba un ano para acabar de pagalo.

Sinalaba que “a situación actual está moi difícil e non teño moitas esperanzas de que mellore, o prezo ao que estaba antes non vai a volver a estar e esperemos que non

baixe máis, como non volvan as cotas estamos amolados. Coas cotas estábase ben e recollíanche o leite, agora limitante porque non podes vender leite e lévancho ao prezo que eles che din”. Páganlles en torno a 27 ou 28 céntimos, mentres que os custes de produción superan os 30 céntimos. Teñen maquinaria propia, que aínda están amortizando, para funcionar por eles mesmos. Na súa zona si hai concentración parcelaria pero non por todo e comenta que tamén xuntaron bastantes leiras para aumentar o seu tamaño.

En canto ao relevo xeracional nas explotacións pensa que non o vai a haber, que “por desgraza van a pechar moitas máis”. Tamén considera que situación actual “si tería solución se a administración se puxese a funcionar como debería” e para iso tería que apoialos máis do que o fai. Para eles ten moitísimo máis peso a industria e a distribución que os gandeiros “nós somos os que producimos e poñemos o traballo para regalarllo a eles, que son os que están comendo toda a ganancia que hai polo medio”.

Por outra banda, Perfecto S.C. é un negocio familiar, de base cooperativa, fundouse no 2012 e conta con un total de 260 vacas, das cales 230 están en muxidura e venden en torno a 17.000 ou 18.000 litros por recollida. O elemento innovador desta explotación é que dispoñen de catro robots que lle realizan a tarefa de muxir, durante as 24 horas do día, e levan o control sobre a calidade do leite. Supoñen un gran investimento, máis de 100.000 euros por robot, pero fan todo o traballo eles e supón un grande avance con respecto ao “muxido tradicional”. Contan con maquinaria propia pero tamén teñen algunha en sociedade, como o carro mesturador. Aínda que fan case todo eles, contratan os servizos dunha empresa externa para realizar determinadas actividades, coma o ensilado.

As súas instalacións contan con moi bo acondicionamento e garántenlle confort aos animais ao contar con camas de area.

Véndenlle o leite a Lactalis a 0,29 euros, aínda que matizan que “empezamos por Leyma, pasou a Puleva, despois a Lactalis e de momento estamos aí, non cambiamos nós de empresa senón que cambiou o nome da empresa”. E o que lle pagan dálle para cubrir os custos. Din que a situación actual é “crítica pero sempre ten solución”. Para iso, “a industria ten que cambiar moito, deixar vivir algo aos gandeiros porque unha explotación grande non dá aguantado e unha pequena a moi duras penas pode aguantar”. Pensan que “o leite a menos de 0,33 ou 0,34 euros non o deberían de pagar, ese sería o prezo axeitado. Agora o que fai a empresa é rebaixarche o leite e e en vez de pagarcho a 0,29, vaiche saír a 0,26 e aí é onde has de ter ansia de non pasarte nos litros. Din que desapareceron as cotas pero non é certo, empezaron agora a aplicalas porque mes a mes chas están cobrando”.

En resumo, se se pasan un 10% da produción, rebáixanlle 10 céntimos no prezo do leite (páganllo a 0,17 euros) e se superan ese marxe aplícanlle un suplemento de 5 céntimos mais (recibirían 0,12 céntimos/litro).

Opinan que “o que tiña que solucionar isto non se molestou, os gobernos deberían de fixar uns custos mínimos e a raíz deles ti decides se produces ou non, pero o leite ven de fóra que o de aquí non chega”.

Por outra banda, tamén hai similitudes, todos eles coinciden no mal momento que está atravesar este sector e en que lle afecta tanto a grandes coma a pequenas explotacións. Tamén opinan que o leite debería, como mínimo, cubrir os custos de produción. E, por outra banda, cren que os gobernos e administración deberían de facer máis para tratar de solucionar o problema e apoiar moito máis ao colectivo gandeiro.

A modo de resumo, e na miña opinión, este sector tivo que adecuarse a moitas situacións, sobre todo desde a entrada de España na Unión Europea, e realizar moitas melloras para adaptarse a todas as esixencias normativas, entre outras:

Obrigouse aos gandeiros a comprar cota para poder vender leite e estes realizaron grandes investimentos, os cales non puideron recuperar antes de que desaparecese o sistema de cotas, xa que dous anos antes de quítalas prohibíronlles a súa venda.

O leite producido tivo que pasar por numerosos controis de calidade, e se non resultaban favorables a industria deixaba de recollerlles o leite, de aí o peche de moitas pequenas explotacións.

Con tantas variacións no prezo, os gandeiros tiveron que reducir os seus custos de produción ao máximo e, na actualidade, nin así conseguen vivir desta actividade.

Porén, a este colectivo fálle falta ter visión empresarial. Deberían empezar a ver as súas explotacións coma empresas e para iso é necesario que amplíen os seus coñecementos sobre esta profesión, para poder adaptarse mellor a este contexto tan cambiante.

Polo tanto, tendo en conta todo isto e a situación actual, é obvio que van a seguir pechando moitas máis e vai haber pouco relevo xeracional nos vindeiros anos.

Para que se dea o relevo, tamén ten que haber certas condicións favorables e mentres non se elimine o minifundio non hai futuro. Tamén se debería buscar a solución para que o reparto dos beneficios sexa proporcional entre os gandeiros, a industria e a distribución. E as administracións públicas mailos gobernos deberían de apoiar en maior medida ao sector.

Conclusiones e ampliación

Con este traballo trataba de explicar se houbo e vai a haber relevo xeracional nas explotacións agrarias galegas, en concreto nas de Santa Comba. Como puiden comprobar, si que se produciu no cambio da 1º á 2º xeración. Non obstante, na maioría das explotacións que están en funcionamento, non o vai a haber no paso da 2º á 3º xeración.

A difícil situación pola que atravesamos o sector, o peso superior da industria e da distribución e as condicións da propia zona, entre elas que haxa minifundio, dificultan máis este aspecto. A xente nova prefire buscar traballo relacionado cos seus estudos antes que no rural, quedando un pouco no aire o futuro deste sector. As posibles solucións pasan por asociacións de base cooperativa entre gandeiros, moitas melloras na industria, máis apoio por parte das administracións públicas e dos gobernos ou porque os gandeiros enfoquen esta actividade dun xeito máis empresarial.

Sen dúbida, este estudo estivo moi condicionado ao tempo que tiveron para poder levalo a cabo. Por iso poderíase ampliar de varias maneiras: realizando un aumento na mostra ao engadir un número moito maior de explotacións, estender a comparación a outros concellos ou mesmo aumentala as catro provincias de Galicia.

Por outra banda, tamén se pode analizar se: o nivel de estudos é un factor determinante á hora de elixir continuar co negocio familiar, buscar outros condicionantes do relevo xeracional ou outros métodos para solventar a crítica situación que está atravesando o sector .

Bibliografía

Beiras, X.M. (1995). *O atraso económico da Galiza*. Santiago de Compostela : Edicións Laiovento.

Fernández Leiceaga, X., & López Iglesias, E. (2000). O sector agrario. En X. Fernández Leiceaga, & E. López Iglesias, *Estrutura Económica de Galicia* (pp. 383-436). Edicións Laiovento.

Recursos electrónicos:

López Iglesias, E. (2011). Agricultura. *A economía galega* , 71-133.

Recuperado de:
http://www.afundacion.org/docs/galeria/cultura/economia_galega_11/a_economia_galega._informe_2011_pag.1-134.pdf

López Iglesias, E. (2014). Agricultura. *A economía galega* , 65-105.

Recuperado de: http://www.afundacion.org/docs/fundacion_publicaciones/Informe-EG2014_w.pdf

Durán, J.A. (1981). EL problema agrario de Galicia (otro proceso de cambio por derribo), *Agricultura y sociedad*, 18, 101-176.

Recuperado de:
http://www.magrama.gob.es/ministerio/pags/biblioteca/revistas/pdf_ays%2Fa018_04.pdf

Consellería do Medio Rural e Mar < <http://mediorural.xunta.gal/es/>>

Instituto Galego de Estatística < www.ige.eu>

Instituto Nacional de Estadística < www.ine.es>

MAGRAMA < <http://www.magrama.gob.es/es/>>